



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Literatura, Cultura e Identidade		Código	613584121
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Luís Gamallo, María Obdulía		Correo electrónico	m.luis@udc.es
Profesorado	Luís Gamallo, María Obdulía		Correo electrónico	m.luis@udc.es
Web	http://www.udc.es/filo/MLCD.html			
Descrición xeral	Aproximación ao estudo da expresión da identidade nas súas diferentes formas: nacional, étnica, social, persoal etc., tanto nos textos literarios, como noutros ámbitos da representación cultural e visual. Na sección de contidos figuran os temas específicos que serán tratados na materia.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecer, comprender e saber avaliar criticamente unha parte dos discursos teóricos que reflexionan sobre a identidade.	AM1 AM2 AM4 AM6 AM8	BP2 BP3 BP4 BP5
Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (tanto oralmente como por escrito) nos debates propios destes estudos.	AM3 AM4 AI1	BP2 BP5 BP7	CM1 CM5 CM6 C11
Ser quen de desenvolver investigacións avanzadas no análise dos textos literarios, desde un enfoque orixinal e creativo	AM1 AM2 AM3 AM4 AM6 AM8 AM9 AI1 AI2 AI3	BP1 BP2 BP3 BP5	CM2 CM4 CM5 CM6 C11



Realizar análises de textos literarios a partir dos marcos teóricos definidos na materia.	AM1	BP3	CM2
	AM2	BP4	CM5
	AM4		CM6
	AM6		C11
	AM8		
	AM9		
	AI2		
	AI3		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Narrativa e construción nacional	1.1. Nacionalismo literario vs literatura nacional: Manuel Rivas e Suso de Toro 1.2. A cuestión lingüística na construción dunha identidade nacional: Boubacar Boris Diop
2. A literatura mundo e/ou a negación da identidade	2.1. A literatura da francofonía: Alain Mabanckou e Boubacar Boris Diop 2.2. As literaturas colonizadas fronte ao espello: os casos galego e senegalés
3. Literatura, identidade e xénero	3.1. Rosalía de Castro e Mariama Bâ 3.2. Outras escritoras africanas: Ken Bugul, Tanella Boni, Fatou Diome, Aminata Sow Fall, Paulina Chiziane, Chimamanda Ngozi Adichie.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A13 A1 A3 A6 A9 B4 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6	2	20	22
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A6 A14 A8 A9 A12 B5 B6 B8 B10 C1 C7 C5	6	6	12
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A14 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C7 C5 C6	0	16	16
Obradoiro	A13 A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 A12 B5 B6 B7 B10 C2 C4 C7 C5 C6	6	8	14
Eventos científicos e/ou divulgativos	A13 A1 A2 A3 A4 A6 A14 A8 A12 B7 B8 C1 C2	3	6	9
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas. Estas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do alumnado na aula e no encontro científico.
Sesión maxistral	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia.



Traballos tutelados	Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e orientación requirirán o visto e prace da profesora en sesións de seguimento.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistrais coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos. Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente pola profesora.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Ao longo do curso será recibido un/unha investigador/a externo cuxa visita será preparada colectiva e individualmente para realizarmos un encontro científico fructífero.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Sesión maxistral Lecturas Traballos tutelados Eventos científicos e/ou divulgativos	A profesora encargarse de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A13 A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 A12 B5 B6 B7 B10 C2 C4 C7 C5 C6	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula: discusión dirixida, análise e comentario dos textos propostos, etc.	20
Lecturas	A13 A1 A3 A6 A9 B4 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6	As lecturas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do propio alumnado na aula e no encontro científico.	10
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A14 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C7 C5 C6	O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun breve ensaio orixinal sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da investigación e a claridade expositiva e expresiva.	60
Eventos científicos e/ou divulgativos	A13 A1 A2 A3 A4 A6 A14 A8 A12 B7 B8 C1 C2	O alumnado deberá participar activamente con preguntas e/ou reflexións no encontro co/a investigador/a invitado/a.	10

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro e participación en eventos científicos). Así, para superar a materia, terá que realizar unha "Proba mixta" para avaliar as lecturas (40%) e presentar o "Traballo tutelado" (60%).

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 40 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 60% que deberá ser presentado no mesmo día do exame.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel.

6. OUTRAS PRECISIÓNS A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle). Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4). Segundo as distintas normativas que regulan as ensinanzas universitarias, cómpre incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. Isto inclúe, entre outras medidas, o uso dunha linguaxe non sexista, bibliografías inclusivas desde a perspectiva de xénero e o fomento da participación de todo o alumnado na clase, independentemente do seu xénero. Prestaremos especial atención en identificar e abordar os prexuízos e as actitudes sexistas. Traballaremos activamente para cambiar este entorno e promover valores de respecto e igualdade. Os nosos esforzos centraranse na detección de casos de discriminación de xénero e na posta en marcha das accións oportunas para corrixir estes casos.



Bibliografía básica	<p>BIBLIOGRAFÍA BÁSICA Boni, Tanella (2008): Que vivent les femmes d'Afrique?, París, Panamá. Bourdieu, Pierre (1992). Les règles de l'art (Genèse et structure du champ littéraire), Paris, Seuil. Diome, Fatou (2017). Marianne porte plainte!, Flammarion, París. Fernández Freixanes, Víctor e outros (2001). Galicia, unha luz no Atlántico, Vigo, Xerais. Figueroa, Antón (1996). Lecturas alleas (Sobre das relacións con outras literaturas), Santiago de Compostela, Sotelo Blanco. Figueroa, Antón (2001): Nación, literatura, identidade. Vigo, Xerais. González-Millán, Xosé (1994): "Do nacionalismo literario á literatura nacional: hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega", Anuario de estudos literarios galegos 1994: 67-81. López Teresa; Malingret, Laurence e Torres Feijó, Elías J. (eds) (2017) Estudios literarios e campo cultural galego. En honra do profesor Antón Figueroa, Universidade de Santiago de Compostela (CIPPCE), (http://dx.doi.org/10.15304/9788416954483) Luis Gamallo, María Obdulía (2012): "A recepción en Francia da obra de Manuel Rivas e de Suso de Toro", en Novas achegas ao estudio da cultura galega II, Universidade da Coruña, 179-192 (https://1library.co/document) Luis Gamallo, María Obdulía (2012): "L'Europe depuis l'Afrique d'Alain Mabanckou et Christophe Merlin: une proposition de communication interculturelle", en Bermejo Larrea, Esperanza; Corcuera Mansó, Fidel e Muela Ezquerro, Julián (eds.) Comunicación y escrituras/ Communication et écritures, Prensas da Universidade de Zaragoza, 329-338. Luis Gamallo, María Obdulía (2012): "Murambi, le livre des ossements: la tradition orale au service d'une identité dite nationale", en Anales de Filología Francesa, 20, 129-139 (https://revistas.um.es/analesff/article/view/167131/145191) Luis Gamallo, María Obdulía (2012): "Conflicto lingüístico y compromiso político en la literatura africana. Boubacar Boris Diop" (2013), in: Catena, Angels; Estrada, Marta et Ventura, Gemma (eds). Les mondes du français. XXI Colloque de l'Association de Profesores de Francés de la Universidad Española, Barcelona-Bellaterra, Servicio de Publicaciones de la UAB. Mabanckou, Alain (2012). Le sanglot de l'homme noir, Fayard, París. Rodríguez, Francisco e Suevos, Ramón (1978). Problemática nacional e colonialismo. O caso galego, Santiago de Compostela, Xistral. Salinas Portugal, Francisco (1944). Rosto negro: O Contexto das Literaturas Africanas, Santiago de Compostela, Laiovento. Thiesse, Anne Marie (2001): La création des identités nationales. Europe XVIIIe-XXe siècle. Paris, Seuil. Warnier, Jean-Pierre (1999). La mondialisation de la culture, París, La Découverte.</p>
Bibliografía complementaria	Durante o curso proporcionarase máis bibliografía específica.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: mluis@udc.es

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías